

Prego de condicións económico administrativas que han de rexer o contrato de adecuación á Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, adquisición, renovación e soporte das infraestruturas TIC do concello da Pobra do Brollón.

1.- Obxecto do contrato.

O obxecto do presente é a contratación dos traballos necesarios para adecuar os sistemas de información do Concello da Pobra do Brollón á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal conforme ao Regulamento de desenvolvemento da citada Lei Orgánica aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos polas Administracións Públicas e os principios básicos e requisitos mínimos que permitan unha protección axeitada da información, a adquisición dos equipos e programas necesarios, e o soporte durante un ano prorrogable.

2.- Natureza do contrato.

Trátase dun contrato de natureza mixta, de subministro e de servizo. Polo volume económico, de acordo co establecido no artigo 12 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, para a súa adxudicación observaranse as normas previstas para o contrato de subministro.

3.- Procedemento de contratación.

O procedemento de contratación será o negociado sen publicidade.

4.- Prescricións técnicas.

Os materiais e programas subministrados, serán de curso legal e provistos das correspondentes licenzas de utilización.

A implantación de protocolos e procedementos e os mantementos previstos axeitaranse en cada momento ao establecido na lexislación vixente. O mantemento deberá incluír a adopción das medidas necesarias para que a actuación do concello da Pobra do Brollón se adapte, no que atinxe a esta materia, ao cumprimento da legalidade.

O punto de partida será, ademais da lexislación aplicable, o documento elaborado dentro do proxecto innov@te-2 da Deputación Provincial de Lugo denominado “Informe do estado actual da seguridade da información e recomendacións para a futura implantación dos sistemas de xestión da información”, de fecha 23 de Setembro de 2013 que se xunta como anexo I ao presente. Terase en conta a evolución das instalacións e equipamentos ata a data.

5.- Subministracións e traballos a realizar.

Entre as carencias do concello, e dadas as limitación orzamentarias, establécense as seguintes prioridades:

Dotar ao concello de servidores e rede, fisicamente illados, con control de acceso aos datos, e realización de copias de seguridade automáticas.

Modernización e actualización dos sistemas operativos e programas ofimáticos.

Actualización e substitución dos equipos necesarios para o correcto funcionamento do anterior.

Implantación da LOPD.

Soporte anual de todo o anterior.

6.- Tipo de licitación.

Estabécese o tipo de licitación en vinte e oito mil cincocentos euros (28.500,00€) IVE incluído. Este tipo incluírá o soporte por un ano. As ofertas poderán igualar o tipo ou melloralo á baixa. Indicarán, así mesmo, a oferta anual por soporte.

7.- Licitadores.

Poderán optar ao contrato as persoas físicas e xurídicas que cumplan as condicións legais para contratar coa administración pública e que non incorran en causa de incompatibilidade.

Dada a complexidade dos traballos e subministracións a contratar e a especialización que hai por parte das empresas que ofrecen os traballos e subministracións que se requiren nos diferentes proxectos nos que se pode dividir o contrato, poderanse subcontratar elementos do contrato de acordo co previsto no artigo 227 do TRLCSP.

De acordo co establecido no paragrafo 2.a) de dito artigo os licitadores deberán indicar na oferta a parte ou partes do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

8.- Presentación de proposicións.

As proposicións presentaranse no Concello Avda. de Galicia, 50, 27.330-A Pobra do Brollón (Lugo) en horario de atención ao público ata as 14 horas do día 12 de marzo de 2015.

As proposicións presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo solicitante e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, razón social da empresa, persoa de contacto, teléfonos fixo e móbil, fax e correo electrónico. Nos sobres se fará constar a denominación do sobre e a lenda «proposición para participar na contratación da adecuación á Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, adquisición, renovación e soporte das infraestruturas TIC do concello da Pobra do Brollón». Indicará así mesmo a súa conformidade ou non con ser notificado, no que a este proceso respecta, por fax, teléfono ou e-mail.

No sobre número 1, que se denominará “Documentación administrativa”, incluírase a seguinte:

1) A que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación e así como a capacidade de obrar dos empresarios, que se acreditará:

a. Dos empresarios que foren persoas xurídicas mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Copia compulsada do NIF da empresa e do DNI. do representante.

Igualmente deberán presentar copia compulsada do DNI. as persoas físicas.

b. Dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. Dos demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2) A proba, por parte dos empresarios, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a. Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3) Os que acrediten os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Declaración sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios. Xuntarse copia da declaración do IVE.

A solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Unha relación dos principais servizos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando o, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

g) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

4) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

No obstante o anterior, de conformidade co lo disposto no artigo 146.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a

aportación inicial da documentación sinalada poderá substituírse por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. En tal caso, o licitador no que recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente a la adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

No sobre número 2, que se chamará “Oferta económica”, incluírase:

- Oferta económica conforme ao modelo que figura como anexo II.

9.- Forma de presentación das proposicións.

A documentación poderá presentarse, persoalmente, por correo ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando a documentación se envíe por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida neste polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na Disposición Adicional Décimo Sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

10.- Proposicións.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das Cláusulas do presente Prego.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

11.- Garantía provisional.

Non se esixe.

12.- Mesa de contratación.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público estará presidida polo alcalde ou corporativo ou empregado público en quen delegue, e actuará como secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, catro vogais que serán dous concelleiros, o secretario, e outro empregado público con nomeamento definitivo.

13.- Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

14.- Apertura dos sobres nº. 1.

A Mesa de Contratación constituirase o día hábil seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes, ás once horas. De estar anunciada da forma establecida a presentación dalgunha solicitude en lugar diferente ao rexistro do concello, se constituirá o día hábil seguinte á recepción do último sobre.

Dita data se comunicará vía correo electrónico, fax ou teléfono a todos os licitadores.

A mesa, unha vez constituída cualificará a documentación administrativa.

A Mesa poderá conceder, se o considera conveniente, un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsandables observados na documentación presentada.

15.- Apertura do sobre nº. 2.

A continuación da apertura do sobres nº. 1 se toda a documentación é correcta, se procederá á apertura do nº. 2 que contén a oferta económica. De ter concedido prazo para corrixir os defectos ou omisións subsandables, farase o día seguinte o que remate o prazo de subsandación.

Á vista das ofertas, a mesa procederá a elevar a proposta mais vantaxosa ao órgano de contratación.

16.- Requirimento de Documentación

O órgano de contratación, logo de efectuar a adxudicación provisional, requirirá ao adxudicatario para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se tivese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

17.- Garantía definitiva

Que resulte adxudicatario do contrato deberá constituír unha garantía do 5% do importe anual de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra, a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o remate do contrato a satisfacción do Concello.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Se a mesa de contratación apreciase unha baixa temeraria, con valores anormais ou desproporcionados, esixirá unha garantía complementaria do 5%.

18.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas apreciarase aplicando os criterios establecidos no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1.098/2001 de 12 de outubro.

19.- Adjudicación do contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación, ou aquel no que delegue, deberá adjudicar definitivamente o contrato dentro dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita aos demais licitadores interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

O nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos tivesen designado ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Non obstante, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.

20.- Formalización do contrato.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos cinco días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adjudicación definitiva; constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non puider formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución deste, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se tivese constituído.

21.- Dereitos e obrigas.

A) Obrigas do contratista

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Prestar o servizo coa continuidade convida.
- Coidar a boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións que deberán ser visadas e ratificadas pola alcaldía ou concelleiro delegado, sen prexuízo dos poderes de policía atribuídos á administración.
- Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.
- Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministración consecuencia do de xestión de servizos públicos.
- Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.
- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, esta obriga considérase esencial. (Artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro).
- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.
- Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación ata o límite máximo de cincocentos euros, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

B) Obrigas da Administración

- Poñer a disposición do contratista os medios necesarios para a prestación do servizo.
- Se a Administración non fixese efectiva ao contratista a contraprestación económica ou non entregara os medios auxiliares a que se obrigou no contrato dentro dos prazos previstos neste e non procedese a resolución do contrato ou non a solicítase o contratista, este terá dereito ao xuro de mora das cantidades ou valores económicos que aqueles signifiquen, de conformidade co establecido no artigo 216 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

22.- Execución do contrato.

O contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados neste.

En todo caso, a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate.

23.- Incumprimento e penalidades

A) Incumprimento

Se do incumprimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención deste ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle irrogase, que serán como mínimo, ademais da perda da parte proporcional das cantidades a recibir, o 20% de dito importe.

B) Penalidades por Incumprimento

Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais abondo para iso, imponse penalidades na proporción do 10% do prezo do contrato durante o tempo que dure a incidencia.

Se o incumprimento é considerado como moi grave e atendendo á súa condición de deber esencial tal e como se establece na cláusula relativa ás obrigas e dereitos, poderá dar lugar á resolución do contrato.

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato se se tivese designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se tivese constituído, cando non poidan deducirse dos mencionados pagos.

24.- Resolución do contrato.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego; e no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

25.- Réxime xurídico do contrato.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerá polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e esta vixente tras a entrada en vigor do RD 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Anexo II.

. Modelo de proposición.

Adecuación á Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, adquisición, renovación e soporte das infraestruturas TIC do concello da Pobra do Brollón.

| | | | | |
|---------------------------------|-------|------|------------|--|
| Nome e apelidos ou razón social | | | N.I.F. | |
| Rúa | Nº. | C.P. | Localidade | |
| Teléfono | Móbil | Fax | e-mail | |
| Representante | | | D.N.I. | |

Que ten coñecemento, do proceso para a contratación do proceso de adecuación á Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, adquisición, renovación e soporte das infraestruturas TIC do concello da Pobra do Brollón, cuxos pregos de condicións coñece e acepta integramente.

Que desexa participar no proceso comprometéndose a levar a cabo o obxecto do contacto de acordo coa oferta seguinte.

Oferta económica:

| | | | |
|----------------------------------|----------|-----------|---|
| Prezo ofertado (IVE incluído) | En letra | En cifras | |
| Mellora que supón | En letra | En cifras | % |